


CURSO DE IDIOMA GALEGO




Onte, como se ven anunciando en días pasados, tivo lugar a iniciación do Curso de idioma galego no Paraninfo do Instituto "Eusebio Da Guarda", cunha asistencia de perto do centenar de alumnos. Na foto, a profesora Srta. Pilar Rodríguez Varela, licenciada en Filoloxía Rrománica, iniciando o Curso.—(Foto Martínez Sevilla).

cia viernes, 31 de mayo de 1974

CLAUSURA DUN NOVO CURSO DE LINGUA GALEGA

No Instituto «Eusebio da Guarda, onte pola tarde



Onte, ás 8,45 da tarde, tuvo lugar a clausura do «Curso de iniciación ao estudo do idioma galego» que se véu celebrando dende o 16 de abril no Instituto «Eusebio da Guarda», organizado polos Institutos Masculino e Femenino dentro das súas actividades de estensión e que contóu cunha matrícula de 127 alumnos.

Presidían don Sebastián Martínez - Risco, presidente da Academia Galega, os directores dos Institutos organizadores, don Luis Artigas e don Enrique Míguez e o académico don Leandro Carré, a directora do curso señorita Pilar Rodríguez e o presidente da Agrupación Cultural «O Facho».

Iniciou o acto don Enrique Míguez Tapia, quen salientou a importancia e o eco que estos cursos teñen e que por ini-

ciativa de «O Facho» veñen celebrándose na Cruña, cada ano escolar, dende o 1964.

Procedéuse logo á entrega de diplomas aos asistentes ao curso pra seguidamente o Grupo Teatral «O Facho», baixo a dirección de Xosé Manuel Rabón, poñer en escea a sobriña de Berthold Bretch «O mendiño e o cán morto», verquida ao galego por X.L. Rodríguez Pardo. Interpretaron os diferentes papéis María Tereixa Ulloa, Rosario Belda, Antón de Santiago, Xaquín Villar, Tomás Peña, Fernando Platero e Xosé Bembibre, quenes foron moi aplaudidos ao remate da súa actuación.

En la fotografía de «Blanco», el presidente de la Academia Gallega, hace entrega de uno de los diplomas.